

TEMA 19.- A RUPTURA DA TRADICIÓN. AS VANGARDAS DO S.XX.

A ARTE NA 1ª METADE DO S.XX. O FENÓMENO DAS VANGARDAS NAS ARTES PLÁSTICAS.

A partir dos inicios do s.XX as artes figurativas experimentan unha profunda transformación ata o punto de que a partir da abstracción deixan incluso de ser figurativas. Unha serie de factores van a ter unha grande influencia na evolución da arte do noso tempo:

- a) A herdanza do s.XIX: a obra dos impresionistas e sobre todo dos posimpresionistas, constitúe o punto de partida de distintas correntes artísticas de principios do s.XX.
- b) Os grandes adiantos tecnolóxicos: o progreso, a revolución industrial e científica, os novos medios de comunicación de masas(cine, radio,TV), o traballo en serie, a fabricación en cadea...., provocan non só un cambio na mentalidade social, senón tamén a adaptación da arte a outras realidades e linguaxes como o cartel, a publicidade ou a fotografía, propias dunha sociedade consumista baseada nunha cultura de masas.
- c) As novas correntes filosóficas: como a aparición do psicoanálise, que nos mostra a un individuo máis complexo, cos seus traumas e impulsos reflexivos, ó igual que a Física coa explicación do Universo.

A arte se somete pois a **unha nova linguaxe formal e expresiva** adecuada ós novos conceptos, **abandoando cada vez máis as referencias ó mundo visual e adoptando un concepto estético da obra en si mesma, cun carácter bidimensional baseado na forma e na cor.**

Obsérvase unha **tendencia manifesta á deformación da liña e a cor**, reflectindo unha realidade física pero conceptual, distorsionada, **e tamén a xeometrización figurativa e a abstracción.**

Representase en definitiva unha realidade ou unha natureza moito máis complexas e marcadas polos revolucionarios descubrimentos da ciencia, ademáis dos **procesos deshumanizadores de principios de século**, como as guerras mundiais e a alienación humana provocada polo hacinamento de masas urbanas nas grandes urbes industrializadas. Este panorama inquietante fai da arte **un fenómeno de evasión, unha nova espiritualidade** e unha testemuña das novas realidades surxidas cada día.

Desde o punto de vista pictórico, a arte do s.XX, caracterízase pola aparición de múltiples **tendencias, correntes ou ismos**, que **poden aparecer simultaneamente, establecendo interrelacións constantes entre eles, integrándose as veces nunha soa obra** a pesar das súas diferencias. Polo tanto, a aproximación **a arte desta centuria debe facerse respetando máis que unha orde cronolóxica, unha distribución coherente de tendencias.**

Desde un punto de vista ideolóxico, podemos facer unha diferenciación entre as primeiras vangardas, que aparecen a comezos de século ata a 2ª guerra mundial, e as correntes de posguerra; pero en todas elas observamos **un desexo continuo de experimentación** resultado dos avances técnicos e científicos, por iso hai tantos cambios e innovacións, cun claro contido de **ruptura coa tradición anterior e un afán continuo de renovación e interpretación.**

Todos os movementos de vangarda posúen **unha ideoloxía común baseada na crenza do progreso indefinido e dun futuro mello grazas ós avances tecnolóxicos**, defendendo a industria como redentora da humanidade (futurismo), **acompañando a obra de arte con escritos ou “manifestos”, que realzan o papel do artista no proceso social.**

A pesar das diferentes tendencias, a pintura contemporánea pode situarse entre as dúas correntes que presidiron a historia da arte:

-Corrente clásica, intelectual e racionalista, á que corresponden o cubismo e a pintura abstracta e xeométrica.

-Corrente romántica, sentimental e instintiva (en ocasións fora da lóxica), á que corresponden o fauvismo, o expresionismo, o dadaísmo, o surrealismo e o expresionismo abstracto.

O FAUVISMO: MATISSE.

O Fauvismo é un movemento artístico ou tendencia pictórica que aparece en Europa en 1905, a partir da Exposición do Salón de Outono en París, onde unha serie de artistas, todos eles pintores novos cuxo lema era “a rebeldía contra todo”, expoñen as súas **obras marcadas pola agresividade da cor.**

O exaltado cromatismo, será poi un dos rasgos básicos deste movemento combativo e provocador, e a denominación de “Fauves”, procede dun crítico francés que ó observar estas pinturas xunto a unha escultura renacentista, as comentou dicindo que parecían “Donatello e as feras”. Os artistas recolleron o insulto e o adoptaron como denominación do movemento, no que destacan figuras como Henry Matisse, Andre Derain e Vlaminck.

As principais características pictóricas do fauvismo móstranos **un movemento que non supón unha ruptura total co século anterior, senón máis ben unha continuación do movemento posimpresionista, sobre todo de Gauguin.**

Impoñe a independencia da cor, unha cor emocional non descritiva, sen correspondencia coa realidade, utilizando unha pincelada expresiva e distorsionada en campos cromáticos planos. Non hai profundidade, resolvendo as composicións nun plano único, constituindo o debuxo e a liña cun trazo grosso de cor para que o obxecto non se perda nas violencias cromáticas (aínda que as veces a cor é tan independente que pode cambiar nunha mesma figura).

Hai pois un **desexo de volver a pureza dos medios expresivos**, imposta pola **moda de imitar o exótico** (estampas xaponesas) e **a arte primitiva** (África e Oceanía), conseguindo **unha arte instintiva máis que representativa**, que fuxe do visible, **prescindindo da luz e da armonía das cores**. Precisamente, **as cores estridentes e moi contrastadas cunha pincelada directa, solta, libre e vigorosa**, con gran autonomía sobre as formas, **dan a obra de arte unha gran brillantez, reflectindo a alegría de vivir propia da interioridade expresiva dos artistas fauvistas.**

O movemento fauvista foi efímero, pois tras dous anos (1905-7), os pintores adoptan linguaxes alternativas alonxándose dos presupostos iniciais, sobre todo tras a aparición da nova linguaxe racional do cubismo.

Henry Matisse (1869-1954), é o líder deste movemento ou grupo de artistas, convertíndose no primeiro vangardista da arte contemporánea.

Nado no norte de Francia, foise a París en 1887 para estudar Leis, pero pronto orientouse cara a pintura, descubrindo o impresionismo e o posimpresionismo. **Realiza unha pintura provocadora, que expresa rebeldía e que busca como finalidade o placer no espectador que a contempla.** A partir de 1905 realiza unha serie de obras de cores intensos anunciadores do fauvismo como *“a blusa rumana”* ou *“o retrato da raia verde”*.

A súa pintura é dunha gran osadía. Tras pasar un verán no Rosellón, comproba que a cor posúe co sol un brillo determinado, incluso os tons escuros. En 1906 viaxa a Africa, visitando a Arxelia, onde queda impresionado polos cambios de luz e pola potencia da cor. **A influencia da arte negra-africana incide nunha tendencia progresiva a captar o esencial, o volumétrico dentro dunha gran esquematización.**

En 1908 desaparece o movemento fauvista e só Matisse permanecerá fiel a esa linguaxe pictórica, con obras como *“a danza”*, de 1910, ou *“gran interior vermello”*, de 1948, onde mostra unha **simplicidade radical no debuxo, unha cor violenta baseada en amplas e planas superficies cromáticas** (vermellos, azuis intensos) e o contraste entre figuras e obxectos pintados con extraordinaria delicadeza e finura (formas en arabesco, mesas rococó e modernista).

O CUBISMO: PICASSO.

O cubismo é unha das manifestacións máis revolucionarias e fértiles da arte do s.XX, nado como tendencia pictórica pouco despois de 1907, tras pintar Picasso o seu famoso cadro *“as señoritas de Avignon”*.

Nesta obra, advírtense características propias do movemento cubista, como son a **esquematización dos personaxes a través da xeometrización das formas, conectando directamente coa obra de Cezanne**, o gran precursor deste novo movemento pictórico.

Este auténtico manifestó da pintura cubista abre paso a outras obras, onde se observan as seguintes características:

- Carácter bidimensional do lenzo (ausencia de perspectiva e profundidade).
- Autonomía do cadro, como unha superficie pictórica rexida polas súas propias leis que xa non son as da natureza, do mundo externo, senón dun mundo propio construído sobre principios diferentes.
- A visión simultánea do obxecto, unindo diferentes puntos de vista ou ángulos visuais (visión frontal e de perfil nun rostro), conseguindo incorporar a 4ª dimensión según as novas teorías físicas, unha nova visión móbil no tempo e multiocular.
- A ordeación racionalista do cadro, onde a luz xa non destaca volumes e a cor aplícase nunha gama austera de tons apagados, sobre todo no cubismo inicial ou “analítico”.
- O carácter xeométrico das formas, como instrumento para buscar a esencia interna das cousas, unha nova realidade tal como a pensamos non como a vemos.
- Volta ó mundo do existente, sobre todo tras o abandono da realidade física polo fauvismo, pero sen realismo, valorando sobre todo o volumen das cousas e obxectos.

A búsqueda dun espazo interior, **da xustaposición e descomposición ou distorsión das formas** (como fixeran os impresionistas coa cor), **son pois os presupostos básicos deste novo movemento que se divide en dous tipos que corresponden a etapas diferentes:**

-Cubismo Inicial ou Analítico (1907-11): baseado na **descomposición dos obxectos reais en estruturas xeométricas fragmentadas que se incrustan ou separan** seguindo un proceso mental onde **a composición prima sobre a cor** (ocres e grises). Son como formas minerais, cristalizadas.

-Cubismo Sintético (1912-20): baseado na unión orgánica das masas ou obxectos, **enriquecido coa aportación de materiais estranos, como o “collage”** (papeis pegados, carteis, telas, cristais, periódicos...), reafirmando a autonomía do cadro a través desta nova técnica que vai a revolucionar a pintura. **A realidade xa non é tan fragmentada, cunha composición sinxela baseada nunhas poucas liñas fundidas cos materiais engadidos, axenos a arte e tomados da realidade, cunha cor moito máis variada** (recuperación da cor). Os materiais pintados foron pronto substituídos por materiais pintados.

Os tres grandes representantes do cubismo son Picasso, Georges Braque e Xoan Gris; os dous primeiros representantes do cubismo ortodoxo, participando das dúas fases cubistas, mentras que o terceiro é o máximo representante do cubismo sintético.

Ata 1912, o cubismo é un fenómeno exclusivamente parisino, difundíndose por toda Europa a partir dese ano e sufrindo un parón en 1914, pola mobilización dos artistas na 1ª guerra mundial, cunha nova recuperación nos anos 20 tras o fin da guerra.

Pablo Ruiz Picasso (1881-1973), é o pintor cubista máis importante, aínda que implicado no nacemento deste movemento, **participa en todas as vangardas do momento, sendo por iso un artista de difícil clasificación**, con gran discontinuidade na súa obra, **realizando obras complexas nesa búsqueda continua de orixinalidade.**

Nado en Málaga, fillo dun profesor de debuxo da Escola de Artes e Oficios, recibe a súa formación nese ambiente académico, continuándoa na Coruña e Barcelona, onde fora trasladado o seu pai. En Barcelona, comeza a realizar viaxes a París nos primeiros anos do século, **instalándose definitivamente na capital francesa en 1904, época da que datan as súas primeiras obras clasificadas dentro da época azul (1900-4)**, polo predominio do emprego desta cor nos seus cadros, nos que destaca xa **ese humanismo tan característico en toda a súa vida e obra, reflectindo a preocupación polos máis humildes e polo seu mundo.**

A cor azul é o símbolo da tristeza dos desherdados, que non se rebelan contra a miseria senón que adoptan unha actitude de resignación. Son cadros que **reflecten o estado anímico do autor meses anos, pesimista e compasivo, chegando as veces a amargura e a crítica e denuncia social. É un mundo de individuos solitarios, melancólicos, incomunicados** (influxo de Degas e Toulouse-Latrec), méndigos, cegos, mulleres vencidas pola vida..., sendo máis que retratos, **prototipos da tristeza e da miseria**, coa súa escuálida languidez na fría monocromía do azul e o gris.

A esta etapa pertence *“a vida”*, de 1903, obra de grande simbolismo, **cun debuxo moi nítido e unha sinxela composición que trata sobre o sentido trágico da vida**, nun mundo de

incomunicación e soidade das figuras. **Este sentido anguriado da existencia** cun claro influxo do expresionismo alemán e **esa atmósfera triste deses primeiros cadros comeza a mudar a partir de 1904**, no que Picasso coñece a súa primeira muller Fernande Olivier, relación que marcou profundamente ó artista, ofrecéndolle unha **nova visión do mundo, máis optimista**.

Entre 1905-6, desenvolve o chamado **período ou época rosa**, caracterizada polo predominio desta cor, máis lixeiro e transparente, **cun cambio da temática, interesándose polo mundo do circo ambulante** (arlequíns, acróbatas, equilibristas), **pero representando escenas intimistas**, como *“os saltimbanquis”*, de 1905, **onde aclara o cromatismo** e se perde a pastosidade da pintura anterior, **cunha pincelada máis fluida**. As figuras retratadas mostran nos seus rostros sosegados certa indiferencia.

Non entanto, **a transformación profunda da súa arte prodúcese a partir de 1906**, cando **coñece a Apollinaire, teórico do cubismo** e a Matisse, enriquecendo a súa paleta. Pero a maior influencia virá dada pola **asistencia a unha Exposición de Escultura Negra e o estudo dos antigos relevos ibéricos e das pinturas románicas catalanas**, introducíndose nunha **arte cada vez máis preocupada pola forma, maciza e escultórica, e os volumes xeometrizados**, abandoando o meramente humanístico, recuperando a Cezanne, **dentro dunha especie de “feísmo estético”, influido polo primitivismo da arte africana**.

O mellor manifesto deste cambio pictórico é a súa famosa obra *“as señoritas de Avignon”*, de 1907, **claro antecedente do cubismo que supón unha clara ruptura con todo o anterior**, cunha cor seca e opaca que contrasta co rico cromatismo fauvista.

Cando Picasso comezou o cadro pensaba nunha escena de burdel da rúa Avinyo, pero rematou sendo unha **composición de cinco desnudos e un bodegón baseados nunhas formas distorsionadas xeometricamente cuns rostros de gran primitivismo, influxo da arte africana e de Gauguin**. Os primeiros críticos que viron na obra só **o predominio de bordes agudos e ángulos ou corpos poliédricos**, deron ó novo estilo o nome de *“cubismo”*, **interpretando o cadro como un mundo propio, paralelo a natureza, non como imaxe do mundo externo**, construído sobre principios diferentes, **negando as proporcións do corpo humano e a súa continuidade e integridade orgánicas**, parecendo a obra según un crítico, *“un campo de vidros rotos”*, un conxunto de vacíos e sólidos.

As figuras configúranse en formas angulosas, en planos sintéticos estruturados de forma dinámica, como se fosen modelados a golpes, cunha clara división en dous grupos: o da parte esquerda, **que recorda a arte tradicional** (do Greco a Cezanne), e o da parte dereita, **con figuras moito máis irreais e expresionistas, que recordan as “máscaras” da arte primitiva**.

Picasso será cubista toda a súa vida, aínda que a súa fase propiamente cubista esténdese ata 1917, iniciando a partir de ahí unha etapa de certo clasicismo con formas redondeadas, corpos pesados e volumétricos e de composición estática, nun momento no que xa é unha das personalidades indiscutibles da vangarda internacional.

A pesar desta especie de aburguesamento e de deixarse levar pola moda clasicista dos anos 20, con cadros como *“Pablo vestido de arlequín”*, de 1924, **realiza tamén obras cubistas de gran humor e vitalidade**, nunha especie de rebeldía interior que busca recuperar os logros do

seu período anterior, destacando obras como “*a moza da mandolina*”, “*tres mulleres na fonte*”, ou “*os tres músicos*”, de 1921, un dos seus cadros máis famosos e peza culminante do cubismo sintético, do que realizou dúas versións.

Nesta obra o artista elimina os empastes do “collage” producindo os mesmos efectos xugando só coa cor, olvidándose do marcado xeometrismo do período anterior e intensificando a liña curva e a simplificación formal. As tres misteriosas figuras enmascaradas en alegre concerto, un arlequín, un pierrot e un reverendo, non son estruturacións xeométricas, suxerindo ambigüidade na súa interpretación, desde os músicos da Comedia do Arte italiana ata un tribunal fantástico e aterrador que cuestiona os postulados básicos da música tradicional.

Un personaxe coa súa barba como as cordas dun arpa, converte a súa figura nun atributo da música, o arlequín co seu traxe de rombos de cores adáptase **a descomposición formal do período cubista cos seus ollos frontais e a súa boca de perfil, recordando certas obras da 1ª etapa picassiana.** Son os actores dunha compañía que interpreta o drama da vida, cunhas figuras sinxelas de descifrar, dispostas unhas xunto a outras no mesmo plano.

A partir de 1925, entra nunha fase surrealista, onírica, volvendo a un certo humanismo realista nos anos 30, sobre todo a partir de 1936 co comezo da guerra civil española, que lle leva a unhas pinturas de gran tensión e dor, **comezando así a súa etapa expresionista co “Guernica”, de 1937.** Nesta obra que **recolle a herdanza formal das experimentacións cubistas pero cunha carga dominante de distorsión expresionista,** Picasso manifestase como un novo Goya no afán de relatarnos os horrores dunha guerra.

A obra surxe dun encargo oficial do goberno republicano co que se comprometera o artista desde o estalido da guerra, **consistente nun mural de grandes dimensións para o Pabellón Español da Exposición Internacional de París,** cuxa celebración iba a ter lugar no verán dese ano. O proceso de elaboración do mural foi moi lento, ó non atopar o artista un motivo válido de inspiración, ata que pasados catro meses, **o 26 de abril de 1937, a aviación alemá bombardea e destrúe Guernica coa autorización do bando nacionalista, producindo unha auténtica masacre de civís. Ese será o tema do mural,** realizando para iso 45 debuxos preparatorios que ordeou fotografar en gran tamaño, sendo por tanto o cadro máis pensado do mestre, **reflectindo o feito sen recurrir a localización xeográfica, como un símbolo da dor e da destrución.** Tralos primeiros debuxos, datados o 1 de maio, o artista traballa a un ritmo frenético, acabando o mural nun mes, entregandoo o 4 de xuño.

Contido do cadro.- **É unha composición alegórica** que se converte nunha das obras máis representativas da arte do s.XX, **onde o pobo anónimo convírtese no verdadeiro protagonista do cadro, tratado con gran simbolismo a través de nove personaxes que nos describen o drama colectivo.** Desas nove figuras, tres son animais (touro, cabalo, pomba), e seis humanas (catro mulleres, un neno e un guerreiro morto), cunha rudimentaria arquitectura como fondo urbán (muros, ventás, portas e tellados) e a luz no centro, co fume do lume nun lateral. **A escena desenvólvese pois ante unha decoración teatral.**

Estrutura da composición.- A súa estrutura é clásica, partindo dun encadre triangular (frontóns e frisos gregos), en cuxo vértice introdúcese a lampada e cuxa base está sinalada polo corpo caído do guerreiro, coas zonas laterais limitadas por diagonais ou formas dispersas.

Un rasgo plástico que chama a atención é a cor, case monócromo, utilizando sobre todo o branco, o negro e o gris, dotando de maior expresionismo á obra. É unha imaxe case periodística ou fotográfica, con grandes contrastes de branco e negro, a modo de “cartel político”. A obra pois supón o afianzamento dun estilo artístico propio, baseado no esquematismo duns corpos alumeados pola dor, case planos como o espazo que os rodea, salvo o cabalo que presenta certa redondez. Sen embargo, non é un cadro estático, xa que hai nel un dinamismo interior provocado pola alternancia de curvas e rectas, macizos e vans, brancos e negros, ou a través da dislocación dos membros dos desesperados personaxes.

En definitiva nos atopamos ante unha composición cubista desde o punto de vista espacial, pero o dramatismo das escenas (lingua afilada do cabalo, a man tensa do guerreiro morto, alaridos das bocas abertas, pezuña aplastante), mostranos unha gran expresividade nos detalles.

Significado das imaxes.- A composición a modo de tríptico ten un significado polémico e contraditorio, cunha simboloxía que resultaba axena incluso ó pintor, que en 1945 afirmaba que na súa obra non había símbolos.

O escritor Xoán Larrea falaba nun dos seus libros dos diferentes significados das figuras, identificando o touro coa imaxe heroica do pobo español ou cunha alegoría da morte que volve a cabeza sen importarlle o horror, o cabalo en cambio é a encarnación do fascismo ou un símbolo da dor e a agonía, e **o guerreiro caído representa os soldados mortos da República, mentres que a muller coa lampada simboliza a esperanza** (a República) e **a muller e o neno son as vítimas da guerra**, a “mater dolorosa” que se sitúa baixo a protección tutelar do touro (presente e futuro hispánico).

O expresionismo acentúase mediante contrastes que simbolizan o proceso morte-vida ou desesperación esperanza, como o de colocar a ferradura do cabalo (prenda da sorte), xunto a cabeza caída do guerreiro, ou unha rosa xunto ó seu puñal, aferrado por unha man tensa.

O Guernica, máis que un cadro é un documento trascendente e un exemplo do poder da pintura como linguaxe, por riba da interpretación partidaria do acontecemento histórico, por iso a súa dimensión mítica de obra mestra.

Trala 2ª guerra mundial, exiliado na Costa Azul francesa, segue traballando de maneira incansable, pintando en 1960 a súa extraordinaria serie de “*as Meninas*”, **contrapunto das concepcións espaciais e humanísticas de Velázquez, desaparecendo a perspectiva e o naturalismo barrocos.**

Das 58 teas que constitúen a serie, 44 son unha interpretación do lenzo barroco, 9 refírense a súa vivenda de Cannes e as restantes son retratos da súa esposa Jacqueline. Nengún deles é igual, xa que a inventiva de Picasso fai variar en todos eles algún elemento do cadro e a gama cromática utilizada, mediante a combinación do óleo e o acrílico que varía o empaste.

Os personaxes son moi esquemáticos, exemplo da aplicación do estruturalismo ó ámbito pictórico, **con variadísimos e ricos contrastes de cor.**

O EXPRESIONISMO: MUNCH, CHAGALL.

É un movemento que surxe en Alemaña entre 1919-20, paralelamente ó fauvismo parisiño, fundado por un grupo de estudantes de arquitectura de Dresde, “A Ponte (Die Brücke)”, nun ambiente enrarecido pola proximidade da 1ª guerra mundial e que busca crear unha comunidade de artistas libres unidos todos polo desexo de cambiar a sociedade.

Así nace o 2º movemento vanguardista da historia da arte, que máis que unha corrente artística é unha maneira de sentir a vida, de carácter “nihilista”, moi acorde coa filosofía existencial e de Nietzsche, tentando reflectir a anguria e os dramas humanos nunha era de destrución e odios.

Os expresionistas rexeitan a tradición, a arte representativa e o concepto de beleza clásica, ademais das estruturas socio-políticas imperantes, buscando o individualismo que expresa os seus proprios conflitos e ansiedades persoales, dentro dunha estética antinaturalista.

Os antecedentes do expresionismo están no movemento romántico, en Gauguin e sobre todo en Van Gogh, sen olvidar a Goya, pola súa maneira emocional de tratar formas e cores e a deformación da natureza, ademais do seu rexeitamento á civilización europea. A arte negra tamén inflúe a través dun marcado esquematismo e a utilización de cores exaltadas e contrastadas.

A orixe do termo “expresionista”, surxe en oposición ó termo “impresionista”, por parte dun marchante alemán, difundíndose logo a todas as vangardas artísticas da 1ª década do século. Os cadros expresionistas son violentos, agresivos, brutais, e faltos de harmonía, sacrificando a beleza á expresión das súas paixóns e ideas, propoñendo unha poética do feo como modo de denuncia social, criticando a deshumanización do home e utilizando a deformación e a estridencia cromática como vehículo para expresar os sentimentos.

A utilización arbitraria da cor e da forma pretende evocar no espectador un sentimento de asombro, inquietude, medo ou repulsión; é o impacto do artista na natureza, ó contrario do Impresionismo, con predilección por plasmar os conflitos interiores ou íntimos do home e sobre todo os estados de ánimo anguriosos e desgarradores.

O precursor do expresionismo é o noruego Eduard Munch (1863-1944), cuxa obra “*o berro*”, de 1893, é o **símbolo da emoción, onde mostra o sentimento de soidade, amargura e tristeza**, propio de todos os seus cadros e da súa **atormentada personalidade, dotada dun sentido trágico da vida**. Os seus temas foron case sempre a enfermidade, o alcoholismo, a decepción, a falta de amor, a anguria, en definitiva as súas propias pantasma persoais.

Realiza unha serie de obras entre 1890 e 1908 a modo de “friso da vida humana”, que **mostran o seu carácter pesimista, con figuras distorsionadas de rostros exaltados e demacrados coa mirada extraviada. Son obras de rápida e espontánea execución**, cunha pincelada fluida, ampla e suave **cun contraste enérxico de cores, sempre irrealis e violentos**.

“O berro”, é un reflexo dunha súbita inquietude cuns **ritmos arremuíñados que enlazan a paisaxe e a figura espectral do primeiro plano, terriblemente desesperada e anguriada. As cores acéndense en vermellos sucios ou apáganse en tons sombríos, fúnebres, pechando un tráxico mensaxe. Na exploración subxectiva do mundo interior da conciencia humana, pérdese todo concepto de beleza na obra artística.**

A medio camino entre a obra de Munch e o expresionismo dos anos 20, atópanse os movementos de “A Ponte” e o “Xinete Azul”, surxidos en Alemaña, destacando as figuras de Kandinsky e Paul Klee, que abren o camiño da abstracción.

Dentro do movemento expresionista aínda que con un estilo máis libre atópase, Marc Chagall (1887-1985), artista de difícil clasificación, xa que conecta na súa obra elementos de diferentes estilos cunha linguaxe moi peculiar.

Foi dos poucos artistas non adscritos a ningún movemento concreto. Influido polo cubismo **renuncia a perspectiva, aparecendo figuras e obxectos nos seus cadros como se flotaran, incluso en posicións invertidas. Domina o contraste de cores e a liberdade cromática** nos seus cadros por influxo do fauvismo, **dentro dunha linguaxe fantástica e arbitraria.**

A súa obra imaxinativa recolle en parte as súas vivencias persoais e o seu humilde orixe campesino en Rusia, dentro dunha familia xudea, aínda que o contacto coa vangarda parisina a partir de 1910, ábrelle novos horizontes, cara o surrealismo, **realizando pinturas visionarias e oníricas, relativas ó mundo dos sonos.**

A ABSTRACCIÓN: KANDINSKY, MONDRIAN, KLEE.

O movemento abstracto, aínda que iniciado entre 1919-20 polo ruso Kandinsky, supoñendo unha das rupturas máis fructíferas da arte do s.XX, non é algo totalmente novidoso, xa que a abstracción é anterior a arte tradicional (arte prehistórico, árabe...).

A abstracción como tendencia artística surxe no noso século, a través da figura do ruso Wassily Kandinsky (1866-1914), **que partindo do expresionismo colorista da súa 1ª etapa no “Xinete Azul”, chega nos anos 20 á plena abstracción xeométrica.**

O descubrimento da abstracción como tendencia pictórica parece ser casual e anecdótico por parte do artista ruso, impresionado pola beleza dun dos seus cadros ó revés, pero **o paso da figuración á abstracción non foi un mero capricho senón o resultado dunha profunda reflexión e investigación sobre as imaxes sen argumento.**

En 1910, Kandinsky realiza a súa “1ª acuarela abstracta”, onde se observa **o gusto pola cor, auténtico protagonista do cadro, de gran liberdade e riqueza, fronte ó tema que adquire un claro carácter secundario.**

Nas súas obras teóricas, o artista fala de que **a meta do artista non é imitar a natureza senón crear arte, buscando o ritmo e o dinamismo da cor nunha composición cromática surxida da interioridade do pintor e dirixida cara a psicoloxía do espectador,** seducido pola súa beleza, establecendo relacións por exemplo entre a pintura e a música (arte espiritual case místico).

Na súa obra pódense establecer dúas grandes etapas, vinculadas a súa teorización da pintura:

-1ª etapa : 1910-20, **dinámica, cromática e vital**, onde realiza as súas primeiras “*Impresións*”, **ou impactos de cor, baseados en manchas de acuarela de gran alegría e cor**, pero con formas xeométricas e planas, de gran subxectividade e cunha cor pura sen referencias figurativas.

No seu libro “Do espiritual na arte”, **concibe a cor e a forma como estímulos psicolóxicos**, afirmando que a saturación de información na arte, faille perder comunicación, que só pódese conseguir pola **asociación de formas e cores, cun código parecido ó das notas musicais**.

Desta época destacan “*a pintura con tres manchas*”, de 1914, **con fluctuantes formas e brillantes cores que rodean no centro as tres manchas ovoides**, como expresión da forza interior do artista, e “*o arco negro*”, **onde destacan as manchas de cor en puntos diferentes da superficie**, destacando a zona central onde aparecen os dous elementos que presiden a composición, o punto vermello e a liña negra en forma de arco.

-2ª etapa: 1920-44, **moito máis racionalista e xeométrica, con maior elaboración pictórica, perdéndose a espontaneidade anterior e desaparecendo a cor vibrante e o toque da mancha**. O seu libro “Punto e liña sobre o plano”, de 1926, recolle o seu novo pensamento como profesor na escola da Bauhaus.

O gran representante da abstracción xeométrica é o holandés Piet Mondrian (1872-1944), **creador dunha nova corrente denominada neoplasticismo**.

Entra en contacto coa Bauhaus e co cubismo, sentíndose moi influenciado pola arquitectura racionalista, pero cunha interpretación moi persoal, destacando as obras da 2ª década do século. **Son obras moi planas, de gran esquematismo cunha enorme orde xeométrica e unha gran rixidez nas imaxes, utilizando cores moi puros e luminosos, contorneados por grosas liñas negras, con gran predominio das formas rectas**.

A influencia da paisaxe horizontal da súa terra inflúe nese racionalismo de cores primarias e liñas esenciais, sen superponer nunca os planos como no cubismo, identificando beleza con pureza. Entre as súas obras destacan “*Composicións*”, e “*as Taboas número 1 e 2*”.

O DADAISMO: DUCHAMP.

O Dadaísmo é un dos movementos máis importantes do s.XX, xa que inaugura un novo sistema de pensamento, establecendo puntos de vista innovadores no ámbito artístico. É un movemento que surge na década dos 20, pola oposición dos artistas de vangarda a 2ª guerra mundial, tendo como centro a Zurich (Suiza), pola neutralidade deste país na guerra.

O Dadá é a negación, a oposición a todo, cun contido provocador e irónico que rexecta a lóxica do progreso industrial e capitalista e loita contra todo o preestablecido, incluso contra a arte, buscando a súa destrución. Os dadaístas buscan acabar coa noción de arte, entendido como algo inútil, nunha situación excéntrica de desengano e malestar profundo provocada por unha guerra creada pola según eles, “florecente e lóxica civilización occidental burguesa”, por iso o seu continuo recurso ó ilóxico e absurdo.

En Zurich, un grupo de escritores, poetas e artistas refuxiados, considerados “desertores e antipatriotas”, reúnen desde 1916, nas tertulias do Cabaret Voltaire, cunha **actitude de burla**

cara a todos os principios artísticos e literarios tradicionais ós que someten a unha crítica despiadada. Na renuncia a crear arte e nesa guerra contra todo e contra todos, **o máis importante para os dadaístas non son as obras senón os xestos, as actitudes e o escándalo que levan consigo**, introducindo por primeira vez na obra de arte o azar ou técnicas como o “collage” baseado en materiais de desfeita, que será precursor de movementos posteriores como a Arte Povera.

O líder do grupo é o poeta Tristan Tzara, quen inventa a palabra Dadá, sen significado, constituindo a primeira das burlas do movemento que simboliza a rebeldía e a negación. Pero, non todo é negación no Dadaísmo, tamén hai afirmacións, xa que **defenden a liberdade, a espontaneidade, a vida, a contradicción, a anarquía, a incoherencia, a desorde, o momento, a acción.** A irradiación das ideas dadaístas debeuse a publicación da revista “Dadá”, formando diferentes núcleos artísticos en Alemaña, París e Nova York, destacando os artistas Marcel Duchamp, Man Ray e Francis Picabia.

Marcel Duchamp (1887-1968), é a principal figura do movemento, unificado a partir de 1918 e que se difunde por todo o mundo. A súa principal aportación consistiu na **creación dos chamados “ready made” (obxectos atopados), sacando obxectos do seu contexto para situalos en outros totalmente distintos, como unha roda de bicicleta sobre un taburete ou un urinario**, presentándoo a unha Exposición co título de “*a fonte*”, ou en “L.H.O.O.Q”, (“Elle a chaud au cul”, que significa “ela ten o cu quente” é dicir que está excitada sexualmente), tarxeta postal na que **coloca uns enormes bigotes e barba a unha reprodución da Gioconda, dentro dese carácter desmitificador ou desacralizador da arte.**

“*A fonte*”, **convirte a obra de arte en obxecto de uso común**, aparecendo o urinario invertido, coa firma da fábrica R. Mutt de Filadelfia. A obra foi presentada como escultura a Sociedade de Artistas Independentes de Nova York no verán de 1917, sendo rexeitada e creando un gran escándalo, obrigando ó artista que formaba parte do Comité a dimitir, pero curiosamente **convertírase nun símbolo do dadá neoyorquino e da arte do s.XX, polo seu rexeitamento a todo o establecido e a todo dogmatismo.**

O Dadaísmo move en París en 1923, ante a falta dun programa artístico organizado, e sobre todo **pola asimilación das clases dominantes e doutros movementos como o surrealismo**, pero a súa **aportación ó futuro será trascendental, abrindo novos camiños á arte.**

O SURREALISMO: DALÍ E MIRÓ.

O Surrealismo é a gran vangarda dos anos 20, partindo dos principios dadaístas, constituíndose como movemento en principio literario, en 1924 en París, trala publicación do manifesto de André Bretón, líder do grupo.

O movemento surrealista absorbe e recolle ós artistas dadaístas, aproveitándose da súa disolución en 1923, mantendo o seu espírito revolucionario pero buscando novas propostas, como o compromiso do artista co seu tempo, identificándose moitos artistas co Partido Comunista fronte ó Fascismo. Ademais hai un talante moito máis optimista que o dos desenganados dadá, utilizando o absurdo non en actitude simplemente destrutiva, senón

tentando chegar ós máis íntimos rincóns do pensamento, en sintonía co complexo mundo do subconsciente descrito por Freud.

Hai en todos estos artistas un rexeitamento da visión racional das cousas, ofrecéndonos unha imaxe onírica (mundo dos sonos), fantástica e maravillosa, propia de dominios inexplorables do pensamento humano, recorrendo ó visionario, ó lendario, á memoria colectiva da inconsciencia.

As teorías de Freud reivindicaban a autonomía da imaxinación, buscando os diferentes estadios da mente e a persoalidade, rompendo as barreiras entre o lóxico e o fantástico, o subxectivo e o obxectivo, con asociacións de imaxes incoherentes que transforman as características racionais dos obxectos.

Tralo primeiro manifesto surrealista de André Bretón, en 1924, tras contactar coas ideas de Freud en Viena, a 2ª metade da década é unha etapa moi fecunda nas actividades artísticas dos surrealistas, difundíndose cara Latinoamérica nos anos 40.

O surrealismo non só se aplicou a literatura e a arte senón tamén a outros campos como o cine (Buñuel) e a fotografía. **En 1925, celebrouse a 1ª Exposición de artistas surrealistas en París**, destacando as figuras de Max Ernst, Miró e Giorgio de Chirico, ós que se unen máis tarde Dalí e René Magritte, **alcanzando o movemento unha dimensión internacional**.

Os pintores surrealistas, siguen dous camiños para penetrar no subconsciente: a) O emprego do automatismo rítmico, como linguaxe, consistente en **deixar discurrir o pincel ó son do subconsciente de forma libre e incontrolada** (surrealismo abstracto de Miró); e b) O emprego da linguaxe onírica dos sonos, como expresión, **recorrendo a figuración** e a procedementos tradicionais como instrumento para crear **escenas de ensono e de insólitas alucinacións con estranos obxectos en espazos perfectamente lóxicos** (surrealismo figurativo de Dalí e Magritte).

Joan Miró (1893-1983), é un artista catalán cunha etapa inicial fauvista e cubista, pero tras o seu viaxe a París en 1920, contacta co grupo de literatos e artistas de ideas afíns ó surrealismo, aínda que dentro desta corrente vai a manter a súa propia e inconfundible linguaxe.

O seu estilo, denominado “abstracción biomórfica”, basease nuns **deseños fluidos e curvilíneos**, máis que xeométricos, **sen reproducir as formas naturais, cunha gran redución das formas e liñas sinxelas, pasando das figuras ós signos e ideogramas, cun trazo inxenuo e infantil**, tendendo a mostrar o detalle e a perderse nesa **multitude de signos cunha vigorosa vida propia e que parecen cambiar ante a nosa mirada** ata adquirir unha individualidade humana suficiente para satisfacer ó artista. **Sente unha marcada preferencia polas cores vivas e puras**, e tamén neutras, sobre todo primarias e secundarias .

Nos primeiros anos da súa actividade, e pola súa situación económica precaria, alterna as súas estancias en París coas do pobo catalán de Montroig, realizando no verán de 1921, “*a masía*”, unha das súas primeiras realizacións surrealistas, **de aparente simplicidade pero moi complexa**, con dúas zonas claramente diferenciadas, separadas por unha árbore (a masía e o corral). **Nesta obra representa todo un mundo de obxectos, prantas, animais, e un ser**

humano, unidos de forma estrana, case onírica, con gran minuciosidade nos detalles e unha contorna moi nítida que separa claramente unhas zonas doutras.

É unha observación moi precisa da realidade, tratada con gran sinxeleza, **elevando as imaxes a ideas ou símbolos intemporais do mundo campesino no que vivía cos seus país. Moitos destes obxectos serán recurrentes nas súas pinturas posteriores**, igual que os animais.

A cor é moi contrastada, reflectindo os dous espazos naturais, a terra (ocre laranxa) e o ceo (azul), **sempre en tons claros, limpos, en certas zonas moi puros.**

En 1923, muda a súa linguaxe pictórica, sobre todo tras a intensificación dos primeiros contactos co círculo surrealista de París, volvendo ó elemental e rehuindo o descritivo e minucioso, **proliferando os signos procedentes da esquematización de elementos de ámbitos moi diversos, como o astral, xeográfico, sexual, vexetal ou animal....**

En 1924 realiza *“o carnaval do arlequín”*, obra plenamente surrealista, onde observamos un auténtico **“horror vacui”** **signico**, transmitíndonos o conxunto unha **sensación caótica froito da superposición fantástica de numerosos elementos, cunha asociación do insólito e o real e un movemento rítmico e vivo nun tono case festivo.**

Neste período as súas obras presentan unha iconografía bastante estable, con elementos como o sol, a lúa, as estrelas.., reducindo as formas cara un mínimo esquematismo que roza a abstracción, e cun contraste entre cores primarias e secundarias en **grandes campos de cor que configuran o espazo deses signos** ou filamentos illados en traxectorias diverxentes.

Salvador Dalí (1904-89), foi a gran atracción do movemento surrealista polo seu **extravagante comportamento e a súa enorme imaxinación pictórica.**

Foi un xenio precoz, pasando ós doce anos polo impresionismo e logo polo cubismo. **Nos primeiros anos da década dos 20 participa con García Lorca, Buñuel e o grupo do 27 no ambiente cultural madrileño.**

A gran aportación de Dalí ó surrealismo foi a **creación do chamado método paranoico-crítico, consistente en asociar imaxes do máis arbitrario con outras que surxen obsesivamente ó longo da súa traxectoria**, cuestionando ó espectador na súa crenza nun mundo lóxico e ordeado; ademáis **existen unha serie de obxectos de funcionamento simbólico ideados polo artista**, nos que se advirte o seu peculiar modo irónico de comprender o fenómeno surrealista.

Dalí, como os demais surrealistas, **busca o placer do agochado no sono da realidade**, creando **composicións equívocas, grotescas, absurdas e contraditorias.**

Da súa primeira época destaca *“a muller asomada a ventá”*, de 1925, **retrato da súa irmá, coa tradicional composición do cadro dentro do cadro** que tanto lle fascinaba na súa xuventude, creando un mesmo ambiente para pintor e espectador.

É unha obra de gran realismo, de liñas sobrias como todas as desta etapa, **influenciado por unha corrente que defendía a volta a orde figurativa, a Nova Obxectividade alemá.** O mundo da muller resultalle indiferente e non logra excitar a súa fantasía erótica ata **a trascendental aparición de Gala, en 1929, que será a súa amante, amiga, musa e modelo.**

A partir dese momento, **Dalí introdúcese na temática surrealista do absurdo e o ilóxico con referencias a unha simboloxía sexual.**

Realiza en 1929, *“o gran masturbador”*, con Gala como modelo por primeira vez, de perfil, **adoptando como expresión a linguaxe dos sonos, representando fenómenos delirantes** (o seu autorretrato no solo, un saltamontes de simboloxía fálica que o aterraba na súa infancia, un león como símbolo da forza do desexo, unha fantasía felatoria e pedras recollidas nos seus paseos pola praia).

Utiliza formas blandas (nariz que toca o solo, cabeza de muller bicando os membros, figuras de pequeno tamaño), **con gran detallismo, como un “pintor de lupa”, asociando os recordos do seu recente amor ás fantasías eróticas do artista**, estimulándolle a masturbación.

O contraste formas duras-blandas ou orgánicas, repítese nas súas obras posteriores como *“a persistencia da memoria”*, de 1931, ou *“presaxio da guerra civil”*, de 1936, onde crea un **mundo de estranos espécimes e seres alucinantes produto das súas propias obsesións e traumas, xogando coa ambigüidade das imaxes, aparentes e suxerentes.**

A súa técnica pictórica é minuciosa e exquisita, academicista, seguindo ós grandes Mestres como Vermeer, **con gusto polo detalle, asociando recursos imaxinativos e técnicos** (escorzos, perspectivas, luces), **a modo de auténticas “fotografías pintadas a man”, en medio de paisaxes mentais ou reais propios da xeografía catalana** (Ampurdán), como fondo escénico.

A ESCULTURA DO S.XX: POU GARGALLO.

A escultura participa dos mesmos rasgos que caracterizan á pintura, tratando incluso de imitar a arquitectura, no sentido de **conseguir unha síntese entre espazo interno e volumen externo**. O cubismo é quizáis o movemento que máis aporta á escultura, conseguindo a simultaneidade de perspectivas a través da incrustación de volumes.

O cubismo escultórico apoiase na teoría de Cezanne da descomposición da natureza en corpos xeométricos, recompoñendo a realidade según ideais estéticos. **Así fronte ós clasicismos, onde só se valoraban as formas macizas, o cubismo fomenta tamén os vacíos, excavando os interiores das esculturas**, servíndose as veces de materiais combinados (pedra, metal, cristal), **para acentuar os contrastes dos volumes.**

A gran figura da escultura cubista e expresionista é Pablo Gargallo (1881-1934), **quén utilizaba como material o ferro por tradición familiar**, xa que o seu pai era ferreiro, traballando sobre todo con chapas recortadas, **facendo un gran uso do vacío e xogando coas formas cóncavas e convexas, de modo que acentúase os contrastes lumínicos entre elas.**

A súa obra máis importante é *“o profeta”*, de 1933, realizada en chapa de ferro, **cun xogo de volumes e ocos, onde as concavidades aportan sombras e os vacíos unha luz de gran espiritualidade**, logrando a partir de medios abstractos e dun material industrial **unha representación xestual claramente expresionista.**